

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para resposta oral en **Pleno**.

A Conferencia Sectorial de Medio Ambiente, presidida pola ministra de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente, Isabel García Tejerina, acordou o 16 de setembro a distribución de 9,7 millóns de euros entre as Comunidades Autónomas para mellorar a xestión dos residuos.

Deste importe, 8,2 millóns de euros corresponden ao Plan de Medio Ambiente (PIMA) Residuos co que se pretende mellorar a xestión dos residuos e contribuír á redución das emisións de gases de efecto invernadoiro. Os 1,5 millóns de euros restantes destinaranse á mellora dos puntos limpos xestionados polas entidades locais.

O reparto por CCAA dos 8,2 millóns de euros queda como segue:

COMUNIDAD AUTÓNOMA	TOTAL
Aragón	546.127,00
Asturias	186.122,00
I. Baleares	248.189,00
I. Canarias	375.713,00
Cantabria	300.917,00
Castilla y León	708.639,00
Castilla-La Mancha	62.142,00
Cataluña	3.052.148,00
Galicia	88.785,00
La Rioja	67.957,00
Madrid	340.193,00
Murcia	435.209,00
Navarra	669.449,00
País Vasco	875.592,00
C. Valenciana	242.541,00
Total	8.199.993,00

O noso país é, despois da Rioja e Castela a Mancha, quen recibe o menor importe de todas as CCAA.

O conselleiro de Agricultura, Medio Ambiente e Desenvolvemento Rural de Castela a Mancha, Francisco Martínez, declarou a Efe que propuxo á ministra que de cara á próxima distribución de fondos para a xestión de residuos "se traballe a nivel técnico os criterios para o reparto dos fondos".

Por todo o exposto con anterioridade o Grupo da Alternativa Galga de Esquerda formula a seguinte pregunta:

Está satisfeita a Xunta de Galicia con dito reparto?

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2015.

Asdo.: Antón Sánchez García
Deputado do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Anton Sánchez García na data 18/09/2015 12:56:00